

CAPÍTULO IX

ENTREVISTAS COS DIRECTORES/AS DOS CENTROS

A CONVIVENCIA NOS CENTROS EDUCATIVOS. UNHA ANÁLISE CUALITATIVA

I.- A PRESENTACIÓN DAS ENTREVISTAS: CUESTIÓNS METODOLÓXICAS

Xunto co estudio realizado da convivencia por medio do cuestionario, o que se pretende neste apartado é ofrecer unha visión particular respecto da problemática da convivencia que afecta os centros educativos galegos.

Para poder realizar tal labor o instrumento usado foi unha entrevista a directores/as dun grupo de centros. En concreto, a entrevista realizouse en 16 centros das catro provincias.

A distribución é a seguinte: 9 son centros que pertencen á provincia da Coruña; 4 atópanse na provincia de Pontevedra; 2 son de Lugo e 1 centro corresponde á provincia de Ourense.

Todos os centros son públicos. Para salvagardar o anonimato prometido neste tipo de traballos diremos que os centros son dun tamaño medio/gran-

de e grande: 6 centros teñen unha matrícula situada entre 500-700 alumnos; 4 centros declaran unha matrícula situada entre de 701- 1.000; 5 superan os mil alumnos situándose entre 1.001 e 1.400 inscritos e finalmente a 2 centros correspóndelles un total de 1.500 e máis de 2.000 alumnos.

Realizando unha media dos alumnos matriculados nos centros que indican este dato, o resultado é de 970 alumnos. Este dato revélanos que estamos diante dun grupo de centros grandes cunha media de alumnos moi importante

En canto ó conxunto de profesores que imparten docencia, a distribución é a seguinte nos once centros que ofrecen tal información na entrevista: 6 centros sitúanse entre 40-55 profesores; 2 centros contan entre 75-92 profesores e os 3 restantes superan os cen profesores. A media de profesores de tal conxunto de centros que realizan a entrevista sitúase en 70 profesores.

A entrevista realizada ten a característica de ser unha entrevista “estandarizada presecuencializada”. Tecnicamente así é denominada nos diferentes manuais en relación coa metodoloxía das entrevistas de cara ó afondamento sobre un determinado tema ou cuestión.

É dicir, a todos os que responderon fixéronselles as mesmas preguntas e cuestións exploratorias na mesma orde. Isto permite que se poida recoller a opinión de todos sobre as diferentes cuestións sen modificar as preguntas para cada centro. Ó mesmo tempo resulta máis factible realizar unha certa valoración conxunta da mostra que se somete a este tipo de estudio xa que ordenadamente van respondendo a idénticas cuestións.

A entrevista aparece dividida en catro grandes apartados. No primeiro faise unha valoración xeral da convivencia nos centros escolares. No segundo bloque fálese da normativa existente no centro para promover, encauzar e desenvolver dita convivencia. O apartado terceiro aborda como tema específico os conflitos máis habituais que se producen no centro (no caso de que acontezan). Finalmente o último apartado dedícase a explorar as estratexias de resolución de conflitos que poden existir.

As persoas entrevistadas son fundamentalmente o xefe/a de estudos na metade dos casos (en oito centros). Tres son os directores/as que responden á entrevista; en cinco casos sométese a dita entrevista o equipo directivo sen figurar nalgún caso exactamente o cargo e noutros figurando a transcripción das respostas dos distintos membros do equipo directivo.

Todas as entrevistas foron gravadas e logo transcritas de forma que puidesen ser moito máis facilmente analizadas nas súas diferentes partes. En con-

xunto o texto transcrito corresponde a 190 páxinas no total das 16 entrevistas realizadas o que supón unha media de 11 páxinas por entrevistas. Evidentemente algunhas son moi amplas pero todas responden á intención fundamental e ós diferentes apartados do estudio.

Para seguir salvagardando o anonimato, os números que se indican cando se transcriben palabras textuais seguen unha numeración aleatoria. Non corresponde á propia lista de centros (catalogados por provincias) nin á orde en que foron realizadas as entrevistas.

II.- A VALORACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO EDUCATIVO

A primeira cuestión sometida a análise ten un carácter global. É dicir, demándase ós distintos entrevistados que manifesten unha opinión xeral sobre a situación de convivencia no seu centro.

A pregunta en concreto vén formulada –con pequenas variantes por parte do entrevistador– no seguinte aspecto: ¿Considera importante a convivencia no seu centro? ¿que opina ó respecto?

En primeiro lugar recoñécese polo conxunto dos directores/as entrevistados que “a convivencia é fundamental”; parece “sumamente importante”; “resulta imprescindible”; para que o “ensino sexa de calidade é o punto primeiro”.

A partir destas afirmacións tan categóricas as diferentes persoas van ofrecendo xa unha visión máis particular de cómo os afecta e cál é o estado en xeral desta situación de convivencia.

Retomando xa algunhas matizacións concretas, estas son as opinións que máis destacan nesta primeira cuestión.

“A convivencia é fundamental, neste caso non só o sabemos senón que o levamos á práctica... a conflictividade é practicamente nula e a filosofía do centro é a tolerancia como norma fundamental nun centro como este” (E-1).

“A convivencia é importante, por suposto, non se entende o profesor aséptico que non transmite nada, que non crea ... así dentro das clases que parece que é un lugar no que pensas que se poida convivir pois eu creo que se convive, pois oito meses dan moito de si e ademais os alumnos telos, ás veces, dous ou tres anos” (E.2).

“A convivencia recoñécese como “fundamental”. Se non existe a situación chegaría a ser insostible” (E. 6).

“Considero que a convivencia é importante pero en xeral, ás veces, pénsase que o importante é dar clase” (E.7).

“A convivencia é básica e dela vanse derivar os resultados escolares. Resulta imprescindible” (E.9).

“A convivencia é fundamental, se non hai convivencia a organización é imposible” (E.14).

Xunto a esta valoración global e explicativa que realizan algúns centros, outros matizan de forma precisa a situación de tal convivencia.

En xeral, podemos dicir que a opinión que os centros teñen da súa propia situación de convivencia resulta positiva aténdonos ás expresións máis significativas da maioría dos que se pronuncian sobre tal cuestión de forma precisa : “A conflictividade é practicamente nula” (E.1).

“Estamos dentro dunhas pautas de funcionamento e de convivencia moi homologables ás de calquera outro centro de vila” (E.2).

“Eu creo que ninguén percibe que existe unha situación tensa nin cerrada...” (E.3).

“En xeral é boa, hai algúns alumnos problemáticos pero a convivencia é positiva, só hai uns poucos alumnos con pequenos problemas” (E. 12).

“En xeral é boa” (E 14).

“O comportamento do alumnado é “moi bo” e son boas as relacións entre alumnado e profesorado... non temos demasiados problemas”(E.15).

“O centro non reviste unha problemática forte, en canto a convivencia. Polo momento, cando menos, hai ausencia de conflitos importantes; isto non quita para que nalgún momento poida haber algún pequeno roce, pero globalmente falando non houbo, non se notaron nunca problemas de convivencia. Hai un respecto xeral bastante aceptable, independentemente de que haxa manifestacións puntuais que poidan ser corrixidas...” (E.16) .

Só unha minoría de centros dos que precisan esta resposta destacan algúns problemas que afectan ás situacións de convivencia. Os problemas provénen de dúas situacións.

En primeiro lugar do novo alumnado que chega ó centro: “recoñécese que os alumnos de primeiro de ESO complicaron bastante o protocolo do centro: tivemos que poñer un profesor de garda en cada corredor (dada a estrutura do centro)... porque estes nenos multiplicaron o traballo por catro. Pero a pesar diso existe un bo ambiente de traballo” (E 4).

En segundo lugar, á convivencia réstaselle importancia por parte dos profesores xa que “en xeral pénsase que o importante é dar clase” (E.7) ou por

outra banda os mesmos profesores non consideran tan importante este factor no centro “ xa que moitos veñen a dar as súas clases” (E.10).

En conxunto podemos dicir que dende esta valoración xeral os centros entrevistados non destacan grandes problemas de convivencia. Existe, por unha parte, unha consideración forte da importancia do factor convivencial como parte integrante da dimensión educativa no conxunto das diversas actividades. Por outra parte, a maioría proclama un clima de convivencia aceptable. Non se recollen, en principio, afirmacións catastrofistas. Salvo pequenos problemas hai coincidencia en que se dá un clima xeral adecuado sen grandes tensións ou problemas que impidan realizar a súa función formativa.

Entrando xa dentro desta mesma cuestión en opinións e valoracións máis particulares, os entrevistadores tratan de afondar nesta primeira cuestión pedíndolles ós centros que “destaquen aqueles aspectos que poden considerar máis positivos ou negativos nas relacións entre centro e familia, profesores-alumnos e os propios profesores entre si.

Facendo unha sintética radiografía desta situación, estes son os principais resultados que algunhas entrevistas mostran. Algúns centros non ofrecen resposta dunha forma precisa e, polo tanto, non poden considerarse as súas respostas a esta cuestión.

Cómpre establecer mecanismos que contribúan a que todo o profesorado chegue ó convencemento de que as súas obrigas non se circunscriben ó feito de dar clase. Que é preciso afondar máis no labor educador e este esixe, non só formar cultural e cientificamente, senón facelo tamén naqueles aspectos que teñen relación directa coa convivencia en toda a súa amplitude: os centros escolares son ámbitos de formación para a vida e ningún dos aspectos fundamentais desta pode ser considerado alleo á acción da escola.

Neste sentido non se pode esquecer que só organizando e realizando adecuadamente a convivencia no interior do centro e nas relacións entre os distintos membros da comunidade escolar resulta posible formar para a convivencia no seo da sociedade: convivindo harmónica e positivamente é como se aprende a convivir.

Tampouco se pode esquecer que moitas das actitudes evasivas por parte do profesorado son perfectamente explicables en función do tipo de

formación inicial que recibiron e en función tamén dunha praxe en que a educación, sobre todo no nivel secundario, era só considerada como propedéutica para a universidade, acentuándose exclusivamente os aspectos relativos á formación cultural e científica.

II.1.- A convivencia nas relacións entre os diferentes colectivos: a familia

En primeiro lugar imos tratar de resumir as principais opinións respecto das relacións que se establecen no ámbito da convivencia entre o centro educativo e a familia.

Neste sector, por consideralo moi importante, realízase unha exposición das principais opinións seguindo a orde en que figuran as entrevistas realizadas e transcritas. Tratamos de recoller aquelas expresións máis significativas e ofrecer en referencia a parte a valoración global que existe neste ámbito.

Centro	Familia	Opinión global
E 1	<p>Son correctas... os problemas normais dun pai cando se suspende ó seu fillo... ou dun profesor cando suspende máis alumnos dos que en principio debería.</p> <p>Quitando este tipo de conflitos que inevitablemente se dan, a convivencia é boa posto que temos boa relación coa asociación de pais.</p> <p>Temos reunións periódicas cando hai problemas, comentámoslos e estamos todos de acordo.</p>	<p>Polo tanto penso que son boas.</p>
E2	<p>Temos contactos coa APA con resultados bastante positivos.</p> <p>Temos reunións a principio de curso... as que se fan despois das sesións de avaliación con contacto individual de titores con pais, etc.</p>	<p>Existe unha convivencia positiva que noutro tempo non houbo e outro tipo de elementos crearon unha imaxe negativa do centro. Quizás aínda se arrastra pero sen dúbida xa está corrixida.</p>

Centro	Familia	Opinión global
E 3	<p>Nós temos costume ó comezo do curso de ter unha entrevista da xefa de estudos e dos titores cos pais dos alumnos que chegan... parecíanos algo elemental tomar contacto cos pais. Nesas reunións fálase das normas respecto da convivencia, do inicio do curso, data de avaliacións...</p> <p>Existe unha dispoñibilidade dos profesores aínda tendo unha hora fixa de titoría non hai absolutamente ningún problema para que (os pais) busquen o profesor en calquera outro momento para resolver unha dúbida, interpelalo porque se está pasando por unha situación persoal determinada.</p> <p>Xeralmente veñen bastantes pais, non direi moitos. Non sei qué che diga, entre o 25 o 30 %, porque parece mentira coas canles que teñen e nembargantes...</p>	Parecíanos elemental tomar un contacto cos pais.
E 4	O máis difícil de casar son os horarios do centro cos familiares. En canto tes esto xa funcionan as cousas...	É un centro tranquilo, sen estridencias, non vexo conflito ningún neste ámbito entre centro e familias.
E 5	<p>O centro procura relacionarse coas familias. No proceso educativo ó profesorado compételle un determinado papel.</p> <p>As iniciativas van encamiñadas a mellorar esa comunicación. O que pretendemos é unificar criterios para corrixir conductas contrarias ás normas de convivencia.</p>	

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

Centro	Familia	Opinión global
E6	Os titores están en continuo contacto cos pais. A xefatura leva o control diario de faltas. A dirección ó principio da charlas ós alumnos dos centros de primaria que van vir para aquí. O departamento de orientación ofrece toda a información que se solicita...	A relación é moi fluída, dende os distintos órganos do centro.
E 7	A única relación é a relación que poden ter os titores cos pais correspondentes. Non hai reunións establecidas. Nin sequera hai APA. Houbo anos que incluso non había ningún pai no Consello.	Hai unha desconexión dos pais co centro porque consideran que non é necesaria.
E 8	As relacións que se establecen son en canto a chamadas telefónicas dos titores cos pais sempre que sexa necesario e adecuado.	Existe boa disposición dos pais, se ben veñen coa visión dada polos fillos.
E 9	O curso iníciase con reunións coas familias por parte do director e xefe de estudos... pero logo no hai ningún outro tipo de reunión salvo as comunicacións típicas. As únicas reunións son a través da asociación de pais e reunións típicas da aula.	A relación coa APA é boa e predispuesta a colaborar no que pedimos.
E. 10	Existe unha relación periódica coas familias, periódica sobre todo cos alumnos de ESO. As titorías funcionan ben.	As relacións coa APA son correctas. Non veñen moitos pais falar cos titores, e este xa os relaciona directamente co profesorado.

Centro	Familia	Opinión global
E 11	<p>Os titores citan ós pais. Pero curiosamente un 50 % non veñen nunca. Cando o problema é grave intervén o departamento de orientación.</p> <p>Pero nós notamos que os pais toman isto como “unha gardería”.</p> <p>Pensan que temos que educar os seus fillos. Aquí os profesores din que non somos educadores. É certo, somos profesores de áreas e temos de facer o imposible pero non podemos loitar contra a televisión, hábitos da casa, pais que nunca aparecen...</p>	<p>Ben, en xeral, ben...</p> <p>Hai unha falta de obxectividade terrible no fondo desto.</p>
E 12	<p>A relación é a típica da nai ou pai que vén falar sobre un determinado problema do fillo.</p>	<p>Entre o centro e as familias, eu creo que ben, pero non hai demasiado contacto.</p>
E 13	<p>O contacto é a través das titorías periódicas, coa xunta directiva que envía as faltas de asistencia con informacion mensual por correo.</p>	<p>Son boas, aquí podemos dicir que ó longo de 10 anos non houbo practicamente ningunha reclamación escrita das familias.</p>
E14	<p>As relacións dependen. Só un 19 % dos pais participan.</p>	
E 15	<p>Entre a directora e a APA existe boa relación. Hai máis de 300 pais (antes non chegaban a 30) cos que existe comunicación. Case todas as semanas existe algún tipo de conversa.</p>	<p>A relación é bastante boa.</p>
E 16	<p>Pretendemos facilitar todo tipo de información e mellorar as canles (as cartas non chegan). Pero a comunicación tería que facerse vía titor e non se realiza o que dificulta a comunicación.</p>	<p>As relacións son “correctas”.</p>

Deste amplo conxunto de expresións podemos destacar tres cuestións máis significativas. En primeiro lugar, para a maioría dos centros as relacións ou ben son “boas”, ou “fluídas”, “correctas”, “bastante boas”, existindo unha gran comunicación e relación entre equipo directivo e pais ou entre familia e titores, manténdose nalgúns casos un intercambio constante de información e, en casos moi específicos, reunións máis periódicas con diferentes actividades en relación coa familia.

Existe, en segundo lugar, unha situación de convivencia máis ben “tibia” en certos casos. É dicir, a convivencia para un grupo de centros resulta máis ben formal: simple comunicación cos titores, falta de reunións ou implicacións por parte dos pais, típico contacto cando existe un problema e o pai ou a nai se acerca ó centro para falar.

Finalmente uns poucos centros destacan algúns trazos importantes de falta de convivencia. En casos particulares esta situación e imaxe negativa foi superada co tempo (E. 2); noutros (E.7; E.14) destácase a falta de conexión importante e falta de interese e participación por parte dos pais, así como unha situación moito máis problemática derivada de que os pais consideran o centro como “unha gardería”, os propios profesores ven difícil a súa función educadora ou pónena en cuestión ante determinadas circunstancias ou problemas sociais destacando a “falta de obxectividade” en todo este asunto.

A falta de convivencia e, practicamente, de trato entre o profesorado e as familias pode obedecer fundamentalmente a deficiencias en aspectos organizativos. Decote sucede que a relación non xorde por falta de ocasións que a propicie. É preciso conseguir que a ocasión que faga posible o encontro non sexa exclusivamente a presentación dun problema concreto para resolver. Deberan programarse institucionalmente encontros convivenciais coas familias dos que fosen nacemento niveis de relación e coñecemento mutuo, imprescindibles en xentes que están, en definitiva, implicados nunha mesma tarefa.

II.2.- Relacións profesorado-alumnos

Para o estudo desde aspecto, o criterio que se escolle no estudo das entrevistas é o de número de alumnos por centro, figurando en primeiro lugar aqueles centros que teñen máis alumnos.

	Profesor/Alumnos	Opinión global
E 4	Hai algúns pequenos conflitos que creo que se solucionarían, máis ben, non se producirían se o profesorado coñecese mellor ó alumnado sobre todo ó alumnado novo que chega de 1º de ESO...	En todo caso é un centro tranquilo, sen estridencias. En xeral hai respecto entre alumnos e profesores e tamén entre eles.
E 10	Existen algúns problemas no horario diúrno con respecto ós alumnos que hai que expulsar da clase e enviar á biblioteca para logo ser apercibidos polo equipo directivo.	
E 11	O profesorado é a maioría estable moi habituado a tratar co este tipo de alumnos. O noso colexio vai mellorar moito. Imos ter alumnos normais, é dicir, alumnos que van facer bacharelato e despois a selectividade, como xa temos algúns (ata agora era un politécnico).	É mellor (que nas relacións cos pais).
E 9	Salvo típicos problemas de “incordiar” na clase, falta de respecto entre compañeiros...	É boa.
E 1	Son correctas. Non temos ningunha queixa. Cando hai un problema con algunha nota, iso soluciónase falando... O que si está claro é que problemas sempre os hai, pero considero que son problemas totalmente normais, cotiáns e resolubles.	
E15	Hai moi boas relacións entre os alumnos e o profesorado. A puntualidade dos alumnos, dos profesores, é algo fundamental.	
E 12	Os alumnos poden moitas veces incluso vir contar algún problema persoal... as relacións en festas carnavaís, teatro... dan “unha visión distinta”.	A convivencia diaria ben.

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

	Profesor/Alumnos	Opinión global
E 3	<p>En canto ó alumnado a situación é de convivencia “sen estridencias tanto na aula como fóra da aula...”.</p> <p>Por outra banda existe convivencia en actividades extraescolares (viaxes, audicións, visitas a museos, exposicións...).</p> <p>É outro tipo de convivencia onde se desenvolven relacións moito máis próximas...</p> <p>En todo caso os profesores “percátanse de que os novos alumnos son moi diferentes, o que fai que teñamos algúns conflitos que veñen de problemas específicos ou ben biolóxicos ou de psicomotricidade ou de tipo familiar (alumnos que veñen de centros de protección de menores). Son conflitos que nacen dunha situación particular.</p>	
E 7	<p>Hai profesores que se relacionan bastante cos alumnos, pero hai profesores que non se relacionan absolutamente nada (estoume referindo fóra da clase). Dentro da clase hai os seus máis e os seus menos.</p> <p>Unha porcentaxe é pola propia concepción que teñen de que aquí se vén a dar clases.</p>	Hai de todo tipo.
E 5	<p>Son boas no que atinxe ó alumnado que igual que a xente da zona ten uns modos de conducta moi espontáneos, se cadra en exceso desinhibidos... Pero que nunca redundan en falta de respecto ou menosprezo.</p>	Persoalmente parécenme boas.
E13	Sempre hai algún problema...	Son maioritariamente boas.
E 16	A relación faise por medio dos titores que son os encargados de acollelos no centro, darlles as primeiras informacións e comunicarlles calquera cousa.	

	Profesor/Alumnos	Opinión global
E 8	Hai comunicación incluso fóra da aula.	En xeral ben.
E 6	Poden existir problemas puntuais pero sen máis transcendencia posto que non recibimos ningunha reclamación.	Son boas.
E 11	Esta profesión queima moito, a xente íllase nos seus problemas, no seu departamento, sae, vaise e hai moi pouca convivencia: fanse as festas de rigor ó ano, as ceas famosas... pero teríamos que convivir máis no centro...	A relación é moi profesional.
E 2	En xeral é normal, boa en xeral. Algúns conflitos que aparecen en determinados niveis ou grupos, determinados polas características dos alumnos máis heteroxéneos e profesorado con menos experiencia... Polo resto digamos que a situación é aceptable á vista da impresión que o profesorado ten do alumnado.	A convivencia é boa en si.

Cun carácter xeral a maioría dos centros destacan que esa convivencia é “sen estridencias”, “boa”, “mellor que cos pais”, “correcta”, “maioritariamente boa”, a “convivencia é boa en si”... Existen, como é lóxico, pequenos problemas de “horarios”, “incordios”...

Dous centros destacan cambios importantes que benefician ou problematizan a situación desa relación. No primeiro (E.4), a fonte de pequenos conflitos no centro (un instituto politécnico) débese á incorporación de alumnos de ESO que chegan por primeira vez ó centro e á falta de coñecemento polo profesorado dese alumnado. No segundo caso o centro (de FP) séntese moi satisfeito de recibir os novos alumnos de ESO xa que antes “tiñamos un alumnado moi pouco valorado por el mesmo, de entrada un perdedor, por así dicilo, e entón con este tipo de alumnado... é moi difícil conseguir grandes resultados... Agora o centro está cambiando, agora hai nenas (antes eran case todos nenos) e cada vez son máis os que se incorporan á ESO e ós ciclos formativos e está cambiando o ambiente”(E.11) .

Finalmente nalgún centro (E 3.) a incorporación de novos alumnos con diferentes problemas familiares son os que xeran unha situación particular deri-

vada non tanto do propio centro senón máis ben do tipo de alumnos que acollen provenientes de centros de protección de menores. Neste caso o conflito nace dunha situación moi particular.

Soamente nalgún caso (E. 11) destácase unha situación “profesional” trala que se pon de manifesto a dificultade de relación nesta profesión “que queima moito”, a pesar de existir unha certa convivencia externa (actos sociais) pero escasa no propio centro.

Os alumnos de ESO son recibidos como problemáticos por parte dos centros tradicionalmente dedicados ó bacharelato e son, por contra, recibidos con esperanza e incluso con entusiasmo polos centros que se viñan dedicando á formación profesional. En todo caso, non parece que os centros, en xeral, o profesorado e equipos directivos fosen debidamente preparados e dispostos para o cambio de situación que a aplicación da reforma leva consigo. De aí que reciban con sorpresa e actitude desprevida o novo alumnado.

II. 3.- As relacións entre profesores

En canto ás relacións entre os propios profesores, seguimos un criterio de presentación clasificando as entrevistas en orde decrecente de número de profesores. Nestes casos na entrevista dos seis últimos centros non aparece unha referencia precisa do número de profesores que teñen tales centros.

	Entre profesores	Opinion global
E 4	Non todos somos amigos, pero non quere dicir que non nos levemos ben... se ben existe un certo aca-loramento nos claustros.	
E 10	... aínda que non existe moita relacion. Algúns via-xan a outras cidades. Os profesores non se coñe-cen fisicamente xa que só veñen ás súas clases.	Son normais.
E 8	Hai comunicación incluso fóra da aula.	En xeral non hai pro-blemas.
E 9	Organízanse actos de carácter social... nos que adoita participar a maioría do claustro.	En xeral é moi boa.

	Entre profesores	Opinion global
E 1	<p>A filosofía do centro é a tolerancia, crear condicións adecuadas para que todo o mundo poida desenvolver seu labor.</p> <p>Que cada un coñeza as súas obrigas e dereitos e aplicalos. Creo que é a norma fundamental en colectivos deste tipo.</p>	<p>Que eu saiba... non hai ningún tipo de problema.</p>
E 6	<p>Cando estabamos noutro centro... había moitos roces entre dous bandos. Pero ó vir para aquí (desdoblamento do centro) todo isto rematou, porque todos eramos amigos. A xente que se vai incorporando intégrase sen maiores problemas.</p>	<p>Formamos un grupo homoxéneo.</p>
E 12	<p>Independentemente de que exista puntualmente algún profesor, pero eso no chega ó 5 %.</p> <p>Ó final do curso temos unha excursión para ir coñecendo Galicia...</p>	<p>Hai moi boa convivencia.</p>
E 7	<p>Non hai discusións fortes, nin enfrontamentos, tampoco hai unhas relacións amigables ó saír do instituto. Nos claustros non adoita haber enfrontamentos tampouco.</p>	<p>Normalmente ben. Hai de todo.</p>
E 5	<p>Hai bandos claramente marcados, historicamente marcados. Digamos que non nos respectamos o que deberamos. E como froito destes enfrontamentos xorde unha terceira sección absentista, que é maioritaria. Que non se pronuncia adoptando unha postura neutral...</p>	<p>Non son boas.</p>
E 2	<p>Entre profesores tivemos historicamente os nosos “máis ou menos” pero neste momento superáronse todas as friccións que existiron porque neste tipo de centros os directivos eran moi “vocacionais”... vaia que “non eran equipos directivos voluntarios cunha programación determinada, cuns obxectivos e unhas metas determinadas... era un equipo directivo ocasional.</p>	<p>Todo está superado porque nós soubemos resituar e gracias ás novas estruturas que nos van obrigando a reunir, e iso combinado coa necesidade de elaborar o proxecto educativo...</p>

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

	Entre profesores	Opinion global
E 11	A situación marcou ó centro, hai unha separación entre profesores de prácticas de formación profesional e profesores licenciados. Esta separación é marcadísima, de feito vaise marcar máis cos ciclos, xa non se fai teórica, pero case vai ser mellor porque xa non nos imos ver, polo cal verémonos cando queiramos e polo que queiramos e non obrigatoriamente.	Profunda separación entre os diversos profesores.
E13	Non hai grupos ou sectores enfrontados como tiveren ocasión de ver noutros claustros.	As relacións son boas.
E 14	Home, o clima de convivencia pois é bo... sempre hai desacordos pero...	Eu penso que é bo.
E 15	A convivencia é en xeral boa.	
E 16	Ben, non hai grandes problemas, non hai tensións e tampouco se presenta ningún tipo de problemas.	A relación é normal.
E 3	(A situación)... probablemente veña dada polo profesorado que se trasladou aquí, é un profesorado cunha media relativamente nova pero á vez con bastantes anos de ensino... se ás veces hai algún pequeno conflito vén a rectificación, volver crear ese clima que hai... o equipo directivo móstrase moi aberto e moi dialogante	Convivencia sen estridencias, sen grandes problemas.

A situación de convivencia entre o colectivo de profesores é moito máis problemática e moito máis diversificada. Podemos falar de alomenos catro grandes categorías. Aqueles que insisten de forma xenérica en que son “boas” de por si ou por razóns de formarse un “grupo homoxéneo” (E.14; E.13; E.15; E.9); aqueles que as clasifican “sen problemas” ou tal vez “indiferentes” ou tal vez “tibias” (E.4; E.10; E.7; E.8; E.1; E.3; E.16). Neste grupo están a maioría dos centros que teñen gran número de profesores. E logo existen situacións de convivencia de profunda separación e claro enfrontamento motivadas en parte por diferentes clases de profesores (E.11) ou ben por “bandos claramente marcados” (E.5).

Dous casos particulares acontecen en diferentes tipos de centros que “superaron” tales problemas por diversos motivos: por segregación do centro (E.6) ou por nova reestructuración e funcionamento do equipo directivo (E.2).

III.- A NORMATIVA SOBRE A CONVIVENCIA

Unha segunda parte da entrevista está dedicada á consideración da normativa existente para poder orientar a convivencia educativa e resolver de xeito adecuado os posibles conflitos que se presenten.

Este apartado trata de dar resposta a tres cuestións básicas que o entrevistador lle propón a cada un dos centros. En primeiro lugar a existencia ou non dunha normativa do centro sobre aspectos de convivencia. En segundo lugar, explícanse os principios ou aspectos básicos que se propoñen en dita normativa. En terceiro lugar, demándase se existe o suficiente coñecemento desas por parte da comunidade educativa e se tales normas se consideran que son eficaces.

En canto á primeira cuestión sobre a existencia e tipo de normativa que se trata, obtéñense as seguintes respostas. Un grupo importante de centros indica que dispón dun regulamento de réxime interior (RRI) (E.2; E.6; E.8; E.9; E.11; E.13; E.14; E.16); tal regulamento foi, nuns casos, elaborado por unha comisión.

A partir de aí o seu procedemento para a súa posta en marcha percorre diversos camiños segundo os diferentes centros que achegan detalles sobre este aspecto: “elaborado durante dous anos con grande influencia do profesorado pero consensuado polo claustro e consello escolar” (E.5); “elaborado polo profesorado” (E.6); “influenciado polo profesorado e equipo directivo e con certa influencia dos pais vía consello escolar” (E.8); “elaborado por unha comisión, aprobado polo claustro e ratificado polo consello escolar” (E.9); “elaborado por unha comisión de profesores e alumnos para logo ser aprobado polo claustro e consello escolar” (E.13); “elaborado polo consello directivo e discutido no claustro” e finalmente “redactado baseándose nunha comisión mixta (xefe de estudos, orientador, representante de pais e alumnos) para posteriormente ser debatido e aprobado no consello escolar” (E.16).

Un pequeno grupo de centros (E.1; E.3; E.15) declara que pola única normativa que se rexe é polo regulamento de dereitos e deberes dos alumnos (RA). Nalgúns casos este regulamento vén acompañado doutro tipo de normas relativas á “asistencia, xustificación de faltas, saídas do centro”.

Dous centros (E.10; E.12) manifestan que xunto co regulamento de réxime interior tamén dispoñen de proxecto educativo de centro (PEC). Neste caso o proxecto foi elaborado polos xefes de seminarios e departamentos men-

tres que o regulamento foi elaborado polo claustro e aprobado polo consello escolar (E.10). O proxecto “foi elaborado polo profesorado e aprobado polo consello escolar se ben consensuado e informado polo claustro” (E.12) unha vez que xa se dispoñía de regulamento.

O PEC dunha institución (E.5) foi elaborado durante dous anos con grande influencia do profesorado sendo posteriormente consensuado polo claustro e consello escolar. En situación de tramitación deste declárase un centro (E.4). Pola contra, como caso particular, outro centro declara que non ten RRI e “cando se suscitan os problemas resólvenos, se poden, a directiva e os profesores; de ser a falta grave vai ó consello escolar que decide en cada momento”. A base para tales decisións é o Regulamento de dereitos e deberes dos alumnos.

En síntese, podemos expoñer que como transfondo básico da normatividade respecto da convivencia está o RA como referencia básica se ben en moitos centros dispoñen do RRI e, en poucos casos, tamén foi presentado e aprobado o PEC Na elaboración destas normas de convivencia admítase a influencia do profesorado na súa redacción pero na maioría dos casos as normas finalmente establécense buscando o consenso e a aprobación dos outros estamentos da comunidade educativa, principalmente do consello escolar de centro.

En canto ós principios e aspectos básicos de dita normativa a situación máis común é que sobre todo o RRI trate de desenvolver o Decreto de dereitos e deberes dos alumnos sobre faltas graves e leves; relacións de profesores cos pais, etc... Nalgúns casos a intención foi presentar un regulamento moi exhaustivo (normativa de uso de aulas; asistencia por parte de alumnado e profesorado; prohibición de fumar; normas específicas sobre dereitos e deberes dos alumnos, faltas posibles e sancións; obrigas do profesorado e titores; funcionamento da biblioteca, do persoal administrativo e servizos; réxime de convocatorias de órganos elixidos, funcionamento do gabinete psicopedagóxico... (E.16).

Como situación máis particular un centro (E.12) crea a figura do “defensor do alumnado” que é un profesor elixido polos alumnos considerado como o seu representante. Neste caso é a persoa que está “antes” de chegar á xefatura de estudio, con cuestións e problemas que se considera serán máis fáciles de resolver con este profesor” que á súa vez os transmitirá no seu caso ó claustro e ó consello escolar.

A existencia dun regulamento ou dunha normativa parece ser polo tanto importante para todos os centros que tratan de especificala o máis posible e tamén de dala a coñecer. Preguntados polo nivel de coñecemento de dita normativa case unanimemente constatan que existe un “suficiente coñecemento” ou

en todo caso con certas matizacións “todo o mundo debería sabelo xa que hai unha presentación ó principio do curso e o titor explica na aula” (E.13). Soamente por parte dun centro (E.4) se expresa respecto ó coñecemento destas normas por parte dos pais que: “creo que non as coñecen se ben se lles envía unha carta ó principio do curso e o titor ten unha hora de recepción cos pais”.

Cada centro deseña á súa vez os propios medios e estratexias para que exista o mellor coñecemento desta normativa respecto da convivencia. Nuns casos “está escrito en fascículos que se lles entregan ós alumnos ó principio do curso” (E.12); “entrégaselle fotocopiado e o titor explica o primeiro día de clase” (E.10); “entrégaselles unha copia á APA, ós profesores, ós conserxes” (E.11); “facilítaselles unha copia ós rapaces e o titor encárgase de resaltar determinados aspectos” (E.16), ou finalmente, “encárgase de divulgalo por medio do consello escolar” (E.1).

En canto á eficacia desta normativa as opinións non son xa tan unánimes. Existe un grupo de centros que son bastante optimistas respecto da súa eficacia (E.1; E.6; E.8; E.9; E.13) e polo tanto confían en que ditas normas contribúen a mellorar a convivencia “xa que se aplica a través do Consello Escolar cando as faltas son graves. Abres un expediente e o Consello Escolar decide. Ata agora conseguimos bos resultados e as normas serviron para tódolos casos de faltas que se deron” (E.6); “énfase que sexa eficaz pero non dunha forma tallante tratando de entender a situación e o seu contexto” (E.8).

Outros móstranse máis ben críticos por diversos motivos. Motivos que se poden considerar certamente importantes “xa que dá pouco xogo (neste caso o Regulamento de dereitos e deberes dos alumnos, pois o centro non ten outra normativa) e en caso de haber algún conflito bótase man doutro tipo de normas para casos fortes (asistencia, xustificación de faltas, saídas do centro...)” (E.3).

Existen para outros centros unha eficacia que está relacionada non tanto coas propias normas e co seu coñecemento canto cos órganos que traten de aplicarlas. No primeiro caso (E.5) a eficacia depende “da comisión de convivencia” composta pola dirección, profesores, alumnos e pais de alumnos”. Ata o momento existe unha certa satisfacción “xa que estamos moi contentos... todas as conductas irregulares que se levan a ela son resoltas con éxito. Discútese moito por todos os sectores e sempre se acada acordo por unanimidade”.

No segundo caso, sen negar a eficacia de tales normas, exprésanse de forma crítica as dificultades pola tardanza en constituír os expedientes e polos problemas de burocracia.

As normas polo tanto son eficaces (E.11) “pero hai problemas para constituír os expedientes, a tramitación é moi longa e logo hai recursos en contra da sanción imposta polo Consello Escolar que cando prospera tal recurso é desautorizado xa que os pais non aceptan as sancións con facilidade. Esta desautorización “mina respecto do sistema desa idade (os alumnos) e tamén mina á sociedade ...” .

Esa eficacia noutros casos é posta en cuestión por problemas de carácter burocrático: “a normativa está tremendamente burocratizada pois se a sanción é grave hai que abrir un expediente con determinados requisitos... xa que a normativa relacionada cos dereitos e deberes dos alumnos debe someterse ou está sometida á lei de procedemento administrativo..., o que conleva certo tempo (demora dun mes) e se a norma non se aplica de inmediato perde sentido..., sucedendo que no último mes ninguén pode ser expedientado...”. Dende o punto de vista do centro considérase “que hai que ser garantistas cos dereitos dos alumnos pero non levar este garantismo ata o punto de que as sancións non poidan aplicarse, o que fai que os centros sexan absolutamente ingobernables” (E.16).

En conxunto o que se destaca das opinións expresadas e que por parte de todos os centros a normativa vía RA, RRI e PEC está presente. Existe ó mesmo tempo un coñecemento importante desa normativa polos diversos estamentos no conxunto dos centros entrevistados. Máis crítica é a valoración sobre a súa eficacia non en si mesma senón fundamentalmente polas dificultades que se xeran cando se presentan problemas graves de conflitos que obrigan a unha tramitación seguindo os procedementos establecidos nas propias normas.

Sen que caiamos en actitudes regulamentistas, en que os regulamentos pasen a ser considerados un fin en si mesmos, é con todo preciso destacar a conveniencia de que exista un regulamento de réxime interno con independencia das normativas xerais sobre dereitos e deberes tanto do profesorado como do alumnado.

A elaboración do regulamento de réxime interno é unha insubstituíble ocasión para que a comunidade escolar exerza a súa capacidade normativa autónoma. E isto, con independencia da dimensión educativa que xa de seu comporta, é útil tamén co obxectivo de que, participando decisivamente na elaboración das normas, quede facilitada xa a súa aceptación e cumpri-

mento. Moitas das indisciplinas non son, no fondo, máis que actitudes de rebeldía fronte a normas ou disposicións nas que na súa elaboración non se participou.

Por último, tampouco cabe esquecer que a existencia de regulamentos e o seu cumprimento no ámbito escolar desempeña tamén unha moi estimable función teleolóxica, en relación coa futura implicación na vida social.

IV.- CONFLICTOS

Para describir o panorama de conflitos nos centros, analizamos os seguintes aspectos:

- ¿Cales foron os conflitos máis frecuentes nos dous últimos anos?
- ¿Por que se producen estes conflitos?
- ¿Tivo algo que ver a reforma educativa na presenza dos conflitos?
- ¿Tenden a aumentar ou a diminuír os conflitos nos centros?

IV.1. Os conflitos máis frecuentes

A maioría dos centros manifestan unha visión global positiva, estimando que o nivel de convivencia é bo, e que a presenza de conflitos nos centros educativos non é importante. Expresións que poñen de manifesto esta situación positiva son: “*é unha balsa de aceite*”, “*grandes conflictos non tivemos, nin temos*”, “*é un centro tranquilo, sen estridencias, non vexo conflitos en ningún ámbito*”, “*este é un centro onde non hai problemas grandes*”, “*moi poucas veces chegan ó consello escolar*”, “*son casos pouco habituais*”, “*os conflitos tenden a diminuír*”, “*eu penso que a convivencia neste centro é moi boa*”, “*non houbo ningún conflito grave nestes últimos catro anos*”, “*conflictos importantes non hai*”.

Nembargantes nun dos centros (E11) manifestan a presenza frecuente de enfrontamento de alumnos con profesores, especialmente profesoras:

“As profesoras pásano fatal..., hai algunha que non aguanta e entón por aí está a base do absentismo, o esgotamento psicolóxico, é terrible”.

Os conflitos máis frecuentes nos centros educativos son as faltas de puntualidade e asistencia a clase. Aparecen citados tamén: pelexas entre alumnos; roubos de bicicletas e motos; enfrontamentos verbais entre alumno-profesor; fugas; destrozos no mobiliario; non conservación do edificio, insultos, malos xestos, extorsións, exhibicionismo, xogos nos corredores; enfrontamento entre profesores, discrepancias sobre actividades extraescolares entre os distintos sectores da comunidade educativa.

Nalgún centro matízase que os conflitos se dan prioritariamente na ESO máis que no Bacharelato. Nos centros que teñen dúas quendas, o diúrna é máis conflictiva que a nocturna.

Respecto das relacións entre o profesorado a maioría dos centros venas como positivas e non problemáticas. Algúns non chegan case a coñecerse nos claustros moi numerosos (167 profesores no E4). As relacións entre o profesorado de secundaria e os mestres son aceptables.

“Entre os profesores hai os conflitos normais, sobre todo relacionados cos horarios. Facemos ceas con frecuencia e cada un relaciónase máis cos afíns, pero non hai enfrontamentos”.

Nembargantes hai un centro que manifesta unha estimación negativa das relacións entre os profesores:

“Respecto das relacións do profesorado entre si, a nosa visión é negativa. Estamos nunha fase de recrutamento da situación”.

En liñas xerais os conflitos tenden a diminuír ou a permanecer estacionarios, en ningún caso se fai constar que aumentaran no último ano.

A continuación reproducimos case textualmente as opinións dos deza-seis centros sobre os conflitos máis frecuentes e a súa visión global de cómo se atopa o seu centro en relación coa convivencia e os conflitos.

Centro	Conflictos máis frecuentes	Opinión global
E1	<p>Danse tamén os problemas típicos da convivencia diaria de rapaces de 14 a 18 anos. Móvense moito e de vez en cando molestan ós compañeiros. Ó mellor hai que castígalos vindo ó centro os mércores pola tarde, que non hai clase, co consentimento dos pais.</p> <p>Produciuse tamén un roubo dunha moto. Solucionouse o problema, no sentido de que se atopou ós rapaces que o fixeran. Falouse cos pais, e solucionouse o problema sen dificultade.</p>	<p>Para min “é unha balsa de aceite”. É normal que os rapaces cansen de estar na clase, preocuparíame moito máis que rapaces de 14 anos tiveran un comportamento de adultos de 60. Eu non lles chamaría conflito a isto.</p>

Centro	Conflictos máis frecuentes	Opini3n global
E2	Hai conflitos que teñen que ver coa puntualidade, que perturban o discorrer da clase. Estes conflitos tenden a diminuír, sendo factores que axudan a isto a estabilidade do profesorado e do equipo directivo.	Xorden especialmente nos grupos de alumnos heteroxéneos nos que o profesorado carece de experiencia profesional.
E3	Os casos máis salientables foron: a perda intencionada de tres rapaces durante un día de excursión 3 Barbanza, e unha broma dun alumno que con azucre simulaba estar esnifando no patio do instituto.	Non existen grandes problemas cos alumnos. “Grandes conflitos non tivemos nin os temos”.
E4	Cos alumnos hai pequenos conflitos que se solucionarían se o profesorado coñecera mellor os alumnos. Os conflitos máis frecuentes nos dous últimos anos foron algúns nenos con problemas familiares que os reflicten no seu comportamento e nas cualificacións. Os conflitos danse sobre todo entre os rapaces da ESO. Os alumnos do bacharelato teñen outra formación.	“É un centro tranquilo, sen estridencias, non vexo conflitos en ningún ámbito. Quizás algún grupo de 3º e 4º, pero sen importancia”.
E5	Hai dous tipos fundamentalmente: conflitos típicos de aula e conflitos entre alumnado. Nos primeiros as causas poden ser a conduta autoritaria do profesorado ou a non aceptación das normas impostas polos profesores. No caso dos conflitos entre os alumnos, teñen unha raíz externa 3 centro, disputas que veñen da discoteca, configuración de parellas, adolescencia conflictiva.	Os conflitos respecto do alumnado tenden a diminuír. Os conflitos que tivemos este ano na comisi3n de convivencia foron cuantitativa e cualitativamente inferiores 3 ano pasado.
E6	Tivemos e temos conflitos de inasistencia a clase, pelexas entre alumnos, roubos. As pelexas entre alumnos tiveron lugar incluso diante do profesorado. A masificación das aulas é o principal motivo polo que se producen estes conflitos, todas teñen entre 30-35 alumnos.	Os conflitos neste centro estabilízanse. O ano pasado tivemos 5 expedientes. Este ano no que vai de curso tivemos 4 expedientes.

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

Centro	Conflictos máis frecuentes	Opinión global
E7	O máis preocupante foi unha actividade extraescolar que se fixo no centro, sen estar aprobada polo consello escolar. Este ano está aprobada, aínda que non cumpre unha das condicións coas que foi aprobada. As faltas de asistencia tenden a aumentar, antes eran sobre todo en COU, agora xa en 1º e dende o comezo do curso.	“Este é un centro onde non hai problemas grandes, os rapaces son majos”.
E8	Non se poden considerar frecuentes, pero si se deron algúns como o roubo dunha bici dun profesor, casos de irresponsabilidade estudiantil como destrozos de mobiliario, non conservación do edificio.	Moi poucas veces chegan ó consello escolar.
E9	Podemos citar entre eles a un alumno que agrediu sen causa aparente a unha compañeira dentro do centro. Outros casos relaciónanse coa práctica de xogos nos corredores da zona escolar, facendo caso omiso das advertencias. En xeral os conflitos neste centro tenden a manterse, non aumentan.	Son casos pouco habituais, o curso pasado foron dous casos, e nos anteriores non houbo maiores problemas. Hai máis casos no diúrno. En xeral a convivencia é boa.
E10	Houbo un enfrontamento dun alumno cunha profesora que foi moi forte, que levou a abrir un expediente e remitirillo ó consello escolar. Hai tamén pequenos conflitos que se resolven con expulsións do centro de 1 ou 2 días (insultos, malos xestos...). Hai profesores que teñen que expulsar a algúns alumnos das clases e mandalos á biblioteca, onde o profesor de garda se fai cargo deles.	Os conflitos tenden a diminuír xa que cada vez todos van poñendo o seu grao de area. No horario diúrno danse máis problemas que no nocturno.

Centro	Conflictos máis frecuentes	Opini3n global
E11	<p>“Nos dous 3ltimos anos os conflitos máis frecuentes son o tratamento do alumno co profesor, para ser máis claros, coa profesora. As profesoras pásano fatal, teñen que ser mulleres moi enteiras para aguantar a presi3n diaria, hai algunha que non aguanta e ent3n por aí est3 a base do absentismo, o esgotamento psicol3xico, 3 terrible”.</p> <p>Se expulsas a un alumno da clase e non se quere ir, ent3n ch3masme a min e o alumno sae da clase e dille barbaridades 3 profesora como “xa nos veremos, esp3rote 3 sa3da...”.</p>	<p>Este ano temos menos problemas que o ano pasado, pero máis importantes. O ano pasado tivemos 6 ou 7 problemas gordos, pero este ano tivemos dous de esc3ndalo na prensa, de xu3zo.</p>
E12	<p>“Eu penso que a convivencia neste centro 3 moi boa. Tanto os alumnos como os profesores sent3monos ben”. O conflito que pode haber aqu3 3 o absentismo, a falta de asistencia 3 clase. Non aumentan os conflitos no centro porque non hai.</p>	<p>Estou orgullosa do meu centro. Cando van de excursi3n os rapaces, felic3tannos no hotel, e no autob3s dinnos “qu3 marabilla de rapaces”.</p>
E13	<p>Os problemas máis frecuentes son as pelexas nos corredores ou nas clases, sobre todo no 1º ciclo da ESO. Hai tam3n un chaval dun centro de acollida con bastantes problemas, que sae da clase para recibir apoio e algunhas veces atend3molo o equipo directivo.</p>	<p>Prod3cese sobre todo por inmadurez do alumnado do 1º ciclo da ESO. Os conflitos est3n estacionarios, non aumentan.</p>
E14	<p>Menci3nanse dous conflitos relevantes: un enfrontamento entre compaÑeiros profesores pero que xa est3 resolto; e un alumno conflictivo, soamente temos un caso grave, que de non contar co apoio do concello xa non estar3a no centro.</p>	<p>Os conflitos no centro tenden a diminuir.</p>
E15	<p>Os conflitos máis habituais son as faltas frecuentes a clase. Un alumno de broma, fixo unha exhibici3n e quitou a roupa, solucionouse con tres d3as de expuls3n, pero sen maior importancia. Non existen conflitos graves ou enfrontamentos. Estamos nunha situaci3n estable no que se refire 3s conflitos.</p>	<p>Non houbo ning3n conflito grave, nestes 3ltimos catro anos. Non foi necesario levar a ning3n alumno 3 consello escolar.</p>

Centro	Conflictos máis frecuentes	Opinión global
E16	Unicamente se nos presentou agora un pequeno conflito dun alumno que ten unha actitude de extorsión a un compañeiro. Hai algunha falta de consideración a profesores e alumnos, pero que nunca acadaron niveis preocupantes.	Conflictos importantes non hai.

IV.2. As causas polas que se producen os conflitos

Entre as posibles causas da presenza dos conflitos nos centros educativos cítanse as seguintes:

- A presentación xeral do sistema educativo, ter escolarizados a alumnos obrigatoriamente, que teñen os seus intereses moi lonxe da escola.
- A masificación dos centros escolares, tanto no número de alumnos por aula como no número total de alumnos por centro.
- Baixo rendemento escolar, desmotivación, pasotismo.
- Horario moi intenso, clase mañá e tarde.
- Problemas de ámbito sociofamiliar.
- Falta de liderado e experiencia por parte do profesor.
- Conducta autoritaria do profesorado.
- Non aceptación das normas impostas polo profesorado.
- Causas externas ó centro: disputas de pandillas, adolescencia conflictiva.

O período escolar máis conflictivo son os primeiros cursos e os tres primeiros meses polo choque das novas exposicións.

O Consello Escolar de Galicia cre necesario insistir na conveniencia de que se arbitren mecanismos efectivos para que poida ser realidade a aplicación do principio de atención ás diversidades: as de carácter cultural, as de tipo competencial e actitudinal, así como tamén as que afectan o complexo

mundo dos intereses e das motivacións. Unha adecuada atención á diversidade ten que moverse dentro do alcance do principio de comprensividade. Pero sen aquela tampouco se pode dar esta.

En todo caso, mentres non se conxuguen harmonicamente estes dous principios, as situacións de violencia e conflictividade non desaparecerán. Irán en aumento a medida que a implantación da ESO se vaia cumprindo.

Por último, a aplicación harmónica destes dous principios esixirá participación do profesorado e dos demais sectores da comunidade escolar, pero esixirá tamén medidas arbitradas e aplicadas pola Administración.

IV.3. ¿Tivo algo que ver a reforma educativa na presenza dos conflitos?

A maioría dos centros entrevistados durante o pasado curso 1997-98 aínda non empezaran co ESO. Durante o curso 1998-99 ían incorporar o grupo de 3º de ESO ós seus centros. Por esta circunstancia a opinión xeneralizada é que a reforma non influíu nos conflitos. Nesta liña pronúncianse a maioría dos centros:

- A reforma educativa non penso que incida nos conflitos. Posiblemente cando teñamos rapaces da ESO ata os 16 anos a conflictividade sexa maior, pero aínda non temos este tipo de alumnos.
- A reforma é beneficiosa e non ten nada que ver na presenza de conflitos.
- A influencia da reforma nos conflitos verase o próximo curso coa implantación da ESO.
- A reforma non afectou os conflitos, xa que neste centro está case sen iniciar.

Pola contra, hai dous centros que consideran que a reforma supuxo ou supoñerá un incremento dos problemas nos centros:

- A reforma educativa vai influír na presenza de conflitos. Os rapaces de 1º de BUP agora son moito menos respectuosos que antes. Coa

ESO vai haber moitos máis, o profesorado non está para nada co labor da ESO.

- Sobre a reforma, “os primeiros anos que demos aquí a ESO, esa atención á diversidade, ese coidado tan especial ós alumnos non nos beneficiou nada, ó mellor non o soubemos facer ou ó mellor fóisenos a man en canto a ser bos.”

V.-RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

No proceso de resolución de conflitos analizaremos os seguintes aspectos:

- Tipos de procedementos que se seguen nas faltas graves e leves.
- Actitude do consello escolar diante dos conflitos.
- O papel que xogan os pais na resolución de conflitos.
- O resultado das estratexias aplicadas ata agora na solución de conflitos.
- Qué se podería facer para mellorar a convivencia nos centros educativos.

V.1. Procedementos seguidos coas faltas graves e leves

Para a tipificación das faltas e as correspondentes sancións en todos os centros seguen o RRI e/ou o Decreto de dereitos e deberes dos alumnos.

Para as faltas leves as estratexias máis utilizadas son: o titor fala co alumno e cos pais, o xefe de estudos fala cos alumnos e pais, o equipo directivo fala cos alumnos e pais. A estratexia máis utilizada é falar coas persoas implicadas no conflito. As sancións máis utilizadas van dende o apercibimento, ata asistir ó centro en horario non lectivo (frecuentemente mércores polas tardes ou nos recreos), e nos casos máis relevantes a expulsión á casa con tarefa para facer durante un, dous ou tres días.

Para as faltas graves polo xeral resolve o consello escolar. Noméase un profesor xuíz instructor, abre un expediente, tómalles declaración ás partes implicadas, fala cos pais, lévao ó consello escolar, propón unha sanción, que de ser aprobada polo consello escolar se leva a cabo. As sancións neste caso acostuman ir dende 3 días a 1 ou 2 meses sen asistir ó centro, cambio de grupo de alumnos, cambio de centro... Cando chega un caso ó consello escolar, polo xeral adoita ser moi grave. As sancións adoitan ser máis ben altas e exemplificantes.

Un centro propón como estratexia prioritaria o trato afectivo co alumno e o traballo do departamento de orientación:

“Nós temos a experiencia de alumnos tratados con moita afectividade e controlados polo departamento de orientación, produciuse neles un cambio moi importante... o afecto é algo que hai que ter en conta para progresar con estes alumnos, se non hai nada que facer”.

Noutro centro non son partidarios de que os conflitos cheguen ó consello escolar:

“Non son desta idea. Os problemas non se resoven con medidas policiais. Se por exemplo hai un roubo, penso que hai que tomar algunha medida, como por exemplo, dialogar co neno e coa familia”.

Reproducimos a continuación as estratexias utilizadas por cada un dos centros entrevistados para resolver os conflitos leves e graves.

Centro	Resolución de conflictos graves	Resolución de conflictos leves
E1	Nos conflitos graves, como o roubo dunha moto, noméase un profesor xuíz instructor, abre un expediente, tómalles declaración ós alumnos implicados, fala cos pais, lévao ó consello escolar, propón unha sanción, execútase e logo prescribe ó cabo de certo tempo. É o proceso ordinario. O consello escolar, ata agora, sempre adoptou a sanción que propuxo o profesor xuíz instructor. Tanto os pais do consello escolar como os pais dos alumnos sancionados sempre tiveron unha actitude de colaboración.	En caso de conflitos leves, o director ten a posibilidade de expulsar ata 3 días a un alumno. Non se usa case nunca, agás en casos excepcionais, e despois de consultar a comisión de convivencia. Acostuma expulsarse un día, despois de intentar outras medidas como vir varias tardes a quitar papeis e axudar na limpeza do centro.

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

Centro	Resolución de conflictos graves	Resolución de conflictos leves
E2	<p>Cando se producen conflitos, séguense os procedementos que suxire o regulamento de dereitos e deberes dos alumnos.</p> <p>En caso de conflito grave ábrese expediente disciplinario, désígnase un profesor para que o tramite, elabórase dun xeito minucioso o expediente e trasládase ó consello escolar para que tome colectivamente as medidas pertinentes.</p>	<p>Os conflitos leves (faltas de puntualidade, asistencia) rexístranse e se o número chega a dez aproximadamente, ábrese o expediente disciplinario correspondente. Isto era o que se facía ata agora. Actualmente comunícanse as condutas problemáticas ó alumno por escrito. En caso de reiteración, o xefe de estudos procede a sancionalo coa asistencia ó centro en horario non lectivo para traballar na biblioteca...</p>
E3	<p>Ábrese un expediente e remíteselle ó consello escolar.</p>	<p>Fala o profesor titor co alumno e cos pais.</p>
E4	<p>Non chegan casos ó consello escolar “non son desta idea. Os problemas non se resolven con medidas policiais”. Se por exemplo hai un roubo, penso que hai que tomar algunha medida, como por exemplo, dialogar co neno e coa familia.</p>	<p>As estratexias adoptadas foron falar cos rapaces e darlle responsabilidades sobre todo de cara á familia. É o titor o que chama ós pais, se isto non dá resultado, funciona mellor que quede tres días na casa.</p>
E5	<p>No caso de que a falta sexa considerada grave, séguese o procedemento legal establecido no Decreto de dereitos e deberes dos alumnos. Hai distintos tipos de sancións: suspensión do dereito a asistir ó centro dende 3 días ata 1 ou 2 meses; pódese arbitrar o cambio de grupo, cambio de centro...</p>	<p>No caso da falta leve a corrección é un apercibimento, unha charla co infractor explicándolle a necesidade de corrixila. Xeralmente recórrese ós pais. Outras veces árbitranse pequenos castigos como vir ó Centro un mércores pola tarde, ir á biblioteca durante os recreos. O medio que nos deu mellor resultado foi falar. Falar é a mellor terapia para condutas non desexables.</p>

Centro	Resolución de conflictos graves	Resolución de conflictos leves
E6	- Nos casos graves: ábrese un expediente e lévase ó consello escolar. As sancións van dende 3 ou 4 semanas de permanencia na casa con tarefas nos casos de agresións físicas ou verbais, ata o traslado de centro no caso de roubo.	- Nos casos leves a xefatura de estudos é a que actúa deixando sen recreo ou castigando a realizar tarefas de limpeza, xardinería, os mércores á tarde no centro.
E7	Neste centro non houbo ningún problema que tivesemos que solucionar como falta grave.	Normalmente preséntanse faltas leves: dan a lata na clase e o profesor xa canso expúlsaos, veñen á xefatura de estudos, bótolles a bronca, dígolles que a próxima chamo ós pais, e iso resolve os problemas na clase.
E8	Se a falta é grave, sobre todo con alto grao de intencionalidade, entón pasa ó consello escolar.	Nos conflitos leves: primeiro fálase co alumno para facerlle ve-la súa actitude, logo, se é necesario, fálase co alumno e cos pais para buscar a comunicación.
E9	Nos casos graves infórmase ó consello escolar, noméase un instructor, escóitanse as partes e despois resolve o consello escolar. Dos casos presentados ó consello escolar, un par deles xa causaron baixa voluntaria no centro antes de remata-lo expediente.	Nos casos leves a sanción aplícaa o director, que pode ser unha expulsión temporal limitada a 5 días como máximo. Nas faltas de asistencia de xeito colectivo, sanciónaselles coa recuperación das horas perdidas, asistindo ó centro vixiados polo director, xefe de estudos ou profesorado.
E10	En casos graves resolve o consello escolar segundo a normativa.	Nos casos leves resolve a dirección, logo do informe da xefatura de estudos.

A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

Centro	Resolución de conflictos graves	Resolución de conflictos leves
E11	<p>“Nós temos a experiencia de alumnos tratados con moita afectividade e controlados polo departamento de orientación, produciuse neles un cambio moi importante”. “... o afecto é algo que hai que ter en conta para progresar con estes alumnos, se non hai nada que facer”. Nos casos máis extremos remitiríase un expediente ó consello escolar.</p>	<p>As sancións para as faltas seguen as seguintes liñas: horas de estudo para alumnos expulsados de clase, durante as tardes dos luns, mércores e venres. Os que veñen un mes a estudos e non se observan cambios pasan a ser expulsados tres días á casa cos traballos que teñen que presentar ó volver.</p>
E12	<p>Non temos casos graves.</p>	<p>Nos pequenos casos que temos, como alumnos que os botan de clase, o profesor fala co titor, se persiste na actitude negativa, o titor fala co xefe de estudos. Aquí temos unha charla e o alumno terá que ir desculparse co profesor.</p>
E13	<p>Os casos moi graves lévanse ó consello escolar.</p>	<p>Os casos de gravidade menor resólvenos a dirección, frecuentemente mandándoos para a casa un día. Que veñan os pais por aquí, para algúns xa é o maior castigo.</p>
E14	<p>Diante de casos graves: pasa o caso ó titor, ó xefe de estudos, ó director, óbvíase á inspección que non o vai resolver, infórmase os pais, como último recurso nalgúns casos de problemática sociofamiliar está o concello, que ó traballar dende fóra ofrece outra posibilidade. Ó máis que se chegou foi á expulsións de cinco días e nun caso tiveron que intervir os servizos do concello que controlan mellor a problemática das familias.</p>	<p>Diante de casos leves utilízase a típica reprimenda que nalgúns casos funciona, pero noutros hai que repetir cada certo tempo e chamar ós pais para que estean informados.</p>

Centro	Resolución de conflictos graves	Resolución de conflictos leves
E15	De momento non se levou ningún caso ó consello escolar.	Hai un control grande por parte da dirección e titores. Cando aparece algo, por pequeno que sexa, actuamos para evitar que a cousa vaia a máis. Moitas veces coa advertencia é suficiente.
E16	Aplicase ó pé da letra o RRI.	Aplicase estrictamente o RRI.

V.2. Actitude do consello escolar diante dos conflitos

O consello escolar polo xeral chega a acordos, pronúnciase por unanimidade, sen necesidade de resolvelo por votación, acostuma ter unha actitude constructiva. Os pais dos alumnos sancionados colaboran normalmente co centro.

Nalgúns casos no consello escolar danse actitudes diferentes entre o profesorado, os pais e alumnos, opinando de forma diferente nun mesmo caso. Os pais acostuman apoiar bastante as decisións do profesorado.

Un centro manifesta que o consello escolar diante dos conflitos adoita adoptar unha actitude dura, xa que só lle chegan os casos moi graves, e hai que actuar co maior rigor para que o castigo sexa exemplarizante.

En xeral a resposta dos pais é de complicidade e colaboración cos profesores. Aínda que hai algún centro que constata que na actitude dos pais hai de todo: dende os que comprenden e colaboran ata os que adoptan unha actitude negativa cara ó centro e dirección. Cando os pais colaboran na resolución dos conflitos, os resultados son excelentes.

Un centro manifesta que no consello escolar diante destes conflitos polo xeral prodúcese unha división entre pais e alumnos por un lado e profesorado por outro. “*O consello escolar divídese sempre polas sancións*”.

Respecto do papel dos pais na resolución de conflitos en teoría é fundamental, pero no noso caso “... *unha APA politizada que se asociou co consello de delegados de alumnos e fixeron causa común contra o colexio, o profesorado e demais... morren o conto*”. Outro centro manifesta que non hai par-

ticipación dos pais na resolución de conflitos. “ *O outro día mandáronselles tres cartas certificadas a tres pais para que viñeran urxentemente e non apareceu ningún, nin chamaron*”. Os pais ás veces son os máis conflictivos. Nalgúns casos os alumnos reflicten os conflitos da propia familia.

V.3. ¿As estratexias seguidas ata agora deron resultados positivos?

En xeral valóranse como positivas e axeitadas as medidas adoptadas para resolver os conflitos, xa que normalmente se consegue corrixir a conduta non desexable. Soamente nun centro se recoñece que as medidas aplicadas foron eficaces nuns casos e noutros non, xa que todo é mellorable.

- Estas medidas de solución de conflitos podemos interpretalas como positivas, xa que os rapaces que foron ó consello escolar non tiveron que volver ir. Aínda que penso que serían igual de efectivas as medidas de falar cos pais e implicalos, sen necesidade de pasar polo consello escolar.
- As medidas adoptadas ata agora foron eficaces porque os alumnos ós que lles foron aplicadas non volveron repetir a acción sancionada.
- As medidas aplicadas ata agora resultaron eficaces para resolver os conflitos. Uns rapaces que pasaron do tope de faltas tiveron que vir ó Centro dúas tardes á semana a estudar, por acordo do consello escolar. O efecto exemplarizante fixo que outros rapaces que estaban a piques de encher o tope de faltas, automaticamente non chegaran a el.
- Os medios aplicados para solucionar os conflitos foron eficaces en xeral. Procúrase que un neno non quede marcado polo feito de ter que ir ó consello escolar.
- As medidas aplicadas foron eficaces. Houbo tres casos que tiveron que cambiar de centro en tres anos e o resto volveron estar no centro e ben. Os problemas veñen sobre todo no primeiro trimestre, logo con aplicar o regulamento está solucionado. Se non é como unha bóla de neve.
- As medidas adoptadas ata agora deron resultado positivo e non se ve necesario introducir outras, xa que a convivencia é boa.

- Os medios aplicados ata agora foron eficaces. Os antigos alumnos seguen vindo polo centro, fan ceas e invitan ós profesores.
- As estratexias aplicadas deron resultado nuns casos e noutros non. Creo que todo é mellorable.

V.4. ¿Que se podería facer para mellorar a convivencia nos centros educativos?

Neste apartado é no que se proporciona un maior número de ideas. En opinión dos centros consultados, a convivencia nos centros podería mellorarse coas seguintes estratexias:

- Reducindo o número de alumnos. Nós temos 1.100 alumnos, se o deixáramos en 500 ou 400 implicaría un mellor funcionamento en canto a orde. Por outra parte a dotación económica e o maior nivel de cultura tamén axudaría a mellorar a convivencia.
- Para mellorar a convivencia nos centros escolares bótase en falta a actuación máis comprometida da inspección educativa e dos apoios institucionais.
- Aspectos positivos que favorecen a convivencia: saídas do centro, grupos de teatro, excursións.
- Para mellorar a convivencia pódese crear un clima que a favoreza. Educar nos valores ós nenos, os conflitos hai que controlalos.
- Ter máis horas de titoría, para explicarlles as normas de convivencia.
- Maior coordinación da xefatura de estudos coas titorías.
- Impulsar órganos do tipo da comisión de convivencia.
- Ter máis tempo para falar, non só cando hai problemas.
- Os profesores deberíamos ser máis tolerantes e menos ríxidos.
- Buscar a forma de que os alumnos non teñan 32 horas semanais de clase, tendo horas libres polo medio da actividade académica.
- Dotar os centros de máis persoal de apoio para os alumnos con problemas de aprendizaxe, que acaban provocando conflitos nas aulas.
- Os profesores teñen que convencerse de que para resolver os conflitos é mellor falar que sancionar.

- Reunións dos profesores cos pais para que se animen a colaborar co centro na solución dos problemas dos seus fillos. Necesidade das escolas de pais.
- Unha maior tutela sobre a actividade tanto escolar como extraescolar do alumno.
- Reducir o número de alumnos por aula e adaptar o número de alumnos ó espazo real dos centros, aquí estamos supersaturados.
- Que o profesorado asista máis ás reunións.
- Equiparar máis as titulacións do profesorado.
- Coñecerse máis o profesorado, asistir máis ás comidas de grupo. O profesorado coñécese pouco. A convivencia debería ser máis global e non só por departamento.
- Tirar os centros escolares. Os institutos parecen cárceres, son feísimos. As aulas terían que ser de portas abertas, con intercambios de experiencias, que o alumno non se sinta pechado na aula, que as clases se poidan dar no salón de actos, no campo de deportes, no museo, facer máis agradable a forma de ensinar.
- As actividades extraescolares é o que máis nos axuda na convivencia. Se non o alumno na aula morre, non admite esa forma de relacionarse co ensino.
- O equipo directivo ten que preocuparse moito de que todo o mundo cumpra coas súas funcións: dende o titor, o profesor, a puntualidade, infraestructuras axeitadas.
- Revisar o papel que xoga a educación na sociedade actual.
- Ir a unha normativa de convivencia operativa, que sendo garantistas dos dereitos dos alumnos, fose tamén operativa, que corrixisse as condutas inadecuadas no momento preciso, non con atraso.

VI. AVALIACIÓN GLOBAL DAS ACHEGAS DAS ENTREVISTAS

Tal como se indicou ó principio deste estudo cualitativo sobre os problemas de convivencia nos centros, catro foron os temas esenciais do obxecto das entrevistas:

- Valoración global da convivencia.
- Normativa existente para encauzala ou resolvela.
- Existencia de conflitos.
- Aplicación de estratexias máis usadas para a resolución de tales conflitos.

Tratándose dun estudio cualitativo, o que interesa é máis a argumentación e xustificación das situacións que as porcentaxes ou número de ocasións en que tales acontecementos sucedan.

Por este motivo, no traballo descríbese con bastante profusión as “expresións” que detallan con máis incidencia os temas analizados. Deste xeito o lector poderá calibrar con máis profundidade e argumentación o pensamento que os entrevistados (xefe de estudos, directores ou equipo directivo) teñen da convivencia nos centros.

Respecto da primeira valoración da situación de convivencia nos centros, non se destacan en xeral grandes problemas. A convivencia é valorada como medio fundamental tanto para a función educativa, entendida en sentido xeral, como para os resultados escolares que se desexan conseguir.

A ausencia de conflitos importantes non impide que se recoñeza que nalgúns centros se producen cambios de situación que multiplican unha maior dedicación e esforzo para salvagardar e aumentar tal convivencia. Situación que vén provocada nalgún caso pola incorporación dos novos alumnos de ESO, así como pola propia actitude dos profesores, que centrados na súa clase, manteñen unha certa distancia ou inhibición respecto de tal problema. En todo caso, evidentemente, tal distancia ou indiferencia resultaría imposible se neses centros os propios profesores se atopasen cun clima de convivencia altamente problemático.

En todo caso, parece necesario que para seguir mantendo esta convivencia, haberá que ter en conta a evolución do sistema educativo, progresiva incorporación da LOXSE, así como a comprensión da función do profesorado, que non pode manterse en estrictos límites académicos.

No aspecto referido ás relacións que existen entre os diferentes colectivos, as valoracións son distintas. Con respecto ó contacto coas familias, o nivel de convivencia resulta aceptable, indicando como gran problema unha certa falta de participación por parte dos pais, que basicamente acoden só ó centro ante determinados problemas puntuais de tipo académico ou de conducta. As dife-

rencias en todo caso son bastantes marcadas entre uns centros e outros. Nalgúns a relación e traballo cos pais é constante (vía APA), mantendo unha importante colaboración. Noutros casos, a relación, sen ser problemática, denota falta de colaboración e desmoralización por parte dos profesores, que consideran que moitos dos problemas que se viven no centro son fundamentalmente atribuídos á situación familiar.

Entre profesores e alumnos, se ben recoñecendo que “hai situacións de todo tipo”, a convivencia resulta positiva. Os problemas que xorden semellan solubles, sen grandes custos de disciplina, salvo en casos puntuais. Tal vez o máis relevante nesta relación é que os profesores van detectando cada vez máis, que hoxe os alumnos “están cambiando”, e que a situación cambiará máis coa implantación da ESO. Todo isto indica que é necesario que os profesores tomen conciencia de que os centros serán máis heteroxéneos e que polo tanto será necesario realizar un cambio de mentalidade, de formación e de novos estilos e praxe de contacto cos alumnos, que chegarán ós centros con outras idades e motivacións diante do estudio.

As relacións entre profesores, dentro da “normalidade” que se declara na maioría dos casos, non deixa de ser problemática para algúns centros. O que si pode observarse é que isto está tamén dependendo en parte da heteroxeneidade do centro, e noutros casos, do propio equipo directivo. O factor de interacción traballando en proxectos comúns, a implicación en accións non soamente “académicas”, parece ser un instrumento importante para cambiar este clima de relación e mellorar a convivencia.

En canto á normativa de que se dotan os propios centros, maniféstase que resulta suficiente. A maioría dispón do RRI, algúns do proxecto de centro, e todos acoden ó Regulamento de dereitos e deberes do alumno. Máis cuestionada é a eficacia destas normas cando os problemas son graves. En situación de incoar expedientes é onde se atopan as maiores dificultades para levar adiante sancións que non só penalicen, senón que tamén produzan un cambio de conducta.

No referente á frecuencia de conflitos nos centros, a maioría dos entrevistados manifestan unha valoración global positiva da convivencia, recoñecendo un nivel de conflitos pouco importante.

Entre as causas destes conflitos cítanse: a presentación xeral do sistema educativo, masificación dos centros, baixo rendemento escolar, problemas de ámbito sociofamiliar, non aceptación das normas de convivencia.

A reforma educativa non tivo incidencia nos conflitos, xa que a maioría dos centros aínda non incorporaron ós alumnos da ESO. Aínda así, dous centros consideran que a reforma incide de forma negativa na convivencia, aumentando os conflitos.

Hai unha gran coincidencia entre todos os centros á hora de elixir as estratexias para solucionar os conflitos. Nos casos graves resolve o consello escolar despois do expediente disciplinario. Nas faltas leves toman as decisións o titor, xefe de estudos ou director. As medidas máis frecuentes son: falar cos rapaces e cos pais, apercibimento, asistir ó centro en horario non lectivo, expulsión de un a tres días.

Un centro maniféstase en contra dos expedientes, sendo partidario de retomar os casos de xeito afectivo e co asesoramento do departamento de orientación. Outro centro utilizou os servicios sociais do concello para abordar problemas de tipo sociofamiliar.

A actuación do consello escolar diante dos conflitos xeralmente é de colaboración, tomando as decisións por unanimidade na maioría dos casos. Aínda que dous centros constatan discrepancias sobre todo entre pais e profesores á hora de establecer as sancións.

As estratexias seguidas ata agora para resolver os conflitos valóranse como positivas e axeitadas, xa que normalmente se consegue corrixir as condutas non desexadas.

Suxírense as seguintes pautas, entre outras, para mellorar a convivencia nos centros educativos: reducir o número de alumnos, actuación máis comprometida dos apoios institucionais e da inspección, educar en valores, ter máis horas de titoría, coordinación da xefatura de estudos cos titores, ser máis tolerantes e menos ríxidos, impulsar órganos como a comisión de convivencia, dotar os centros de máis persoal de apoio ós alumnos con necesidades educativas especiais, impulsar as escolas de pais, fomentar as actividades extraescolares, revisar o papel que xoga a educación na sociedade actual.

A valoración global das achegas realizadas polos entrevistados é moi positiva, nembargantes consideramos de interese facer as seguintes matizacións:

- A idea presente nas enquisas é a de conflito como problema, non se menciona en ningunha a perspectiva positiva do conflito como fonte de aprendizaxe persoal e institucional.

- Na análise das causas dos conflitos mantense unha liña de causalidade lineal, sería conveniente introducir a multicausalidade na avaliación dos conflitos dende unha perspectiva sistémica e non simplemente individual.
- Na resolución dos conflitos céntranse case todos os entrevistados nas sancións ás faltas leves e graves. A penas un centro fala da importancia do departamento de orientación. Sería conveniente dotar a todos os centros de departamento de orientación para que asuman a función de avaliar e orientar os conflitos sen necesidade de que se chegue ás medidas de tipo punitivo.
- Na elaboración e aplicación das normas de convivencia a penas se menciona a participación dos alumnos. Sería conveniente intensificar a participación dos alumnos para que non viran as normas como algo imposto polos profesores, tanto na súa elaboración como no momento da súa aplicación
- Só un centro fala dos servizos sociais do concello. A solución dos conflitos necesita da actuación integrada dos sistemas familiar, escolar, social e, nalgúns casos, de saúde mental.
- En definitiva, habería que ir máis lonxe que sancionar as faltas, e empezar a traballar en programas de prevención integral (educación en valores, habilidades de vida...) que harmonicen as intervencións dos distintos sistemas: escolar, familiar, social, sanidade, nos contextos onde a avaliación de necesidades así nolo aconselle.

LISTA DE CENTROS ENTREVISTADOS		
Nome(*)	Entrevista	Etapas que imparte Curso 97-98
Instituto de Bacharelato Arteixo (A Coruña)	Equipo directivo	Bacharelato
IES "Pontepedriña"-Santiago (A Coruña)	Xefe/a estudios	B. Loxse . ESO
IB "Xelmírez II" (Santiago) (A Coruña)	Xefe/a estudios	Bacharelato

Nome(*)	Entrevista	Etapas que imparte Curso 97-98
Padrón (A Coruña)	Xefe/a estudos	B 1º e 2ºESO
IESPobra do Caramiñal (A Coruña)	Equipo directivo	B-FP
IES “Monte das Moas” (Coruña)	Director/a	ESO-B Loxse
IESP Ribeira (A Coruña)	Equipo directivo	ESO-B Loxse. FP grao medio
IES Alfredo Brañas Carballo (A Coruña)	Director/a	Bacharelato
IES “Marqués de Suanes” Ferrol (A Coruña)	Xefe/a estudios	FP-ESO-B Loxse. CF
Instituto Politécnico de Lugo	Xefe/a estudos	ESO
Instituto FP Lugo	Xefe/a estudos	FPI e II. CF medios e superiores
Centro “Virxen de Covadonga (Ourense)	Equipo directivo	De. infantil, primaria e secundaria (provisional)
IESP Vigo (Politécnico) (Pontevedra)	Xefe/a estudos	ESO. B-CF grao medio e superior
IESP Vilalonga (Pontevedra)	Director/a	B FP CF grao superior
Carril (Pontevedra)	Xefe/a estudos	B- CF grao superior
IEPS O Grove (Pontevedra)	Equipo directivo	B-FP

(*) Respéctase o nome tal como aparece na correspondente transcripción da entrevista así como os datos que ofrece o propio centro na propia entrevista. Polo tanto, non se cuestiona a precisión respecto do número exacto de alumnos e profesores que moitas veces se ofrece de forma “redondeada”. Ó mesmo tempo, se non se ofrece algún dato déixase branco o correspondente recadro. ABREVIATURAS: ESO: Educación Secundaria Obligatoria; B: Bacharelato; FP Formación Profesional; CF: Ciclos Formativos.

Desde o punto de vista institucional é frecuente que o individualismo, o cumprimento simplemente externo da normativa e dos tempos horarios e a inhibición, como ausencia de participación e compromiso, aínda sen

suscitaren propiamente conflictos activos, rematan por provocar situacións conflictivas “por omisión”, isto é, situación de desinterese e de falta de preocupación polo quefacer interpersoal e colectivo. Isto comporta consecuencias negativas, tanto para o profesorado afectado de falta dun clima positivo de convivencia (“cada un vai ó seu”), como sobre todo para o alumnado que remata por considerar que, fóra das actividades académicas propiamente ditas, non conta para nada.

Este tipo de actitudes, que saen a relucir nos encontros realizados cos orientadores e nas entrevistas a equipos directivos, mostran cando menos carencias importantes no que respecta ó funcionamento institucional nalgúns centros.

En primeiro lugar, no referente ós propios departamentos, que deberan ser un instrumento de responsabilidade colectiva de todos os profesores para compartir problemas de docencia nos diferentes grupos, interesarse polas cuestións metodolóxicas da disciplina, seguir con atención colectiva as avaliacións dos resultados das materias adscritas e preocuparse polos recursos didácticos que poidan evitar resultados insuficientes. Sen esta cultura da colaboración, pechado cada profesor na “súa materia e aula”, resultará moi difícil compartir e solucionar problemas de aprendizaxe e de conduta, evitando que deriven tamén en auténticos problemas de convivencia.

En segundo lugar, hai carencias que se refiren ós *tempos de estancia activa* no propio centro. Se, na práctica, o tempo de permanencia se restrinxe ó horario lectivo e á simple atención ós momentos programados de titoría (para os profesores que teñen tal labor), resultará materialmente imposible implicarse en algo que estea máis alá destes labores e das simples cuestións burocráticas.

Mentres haxa sectores do profesorado que permanezan na idea de ser “só profesor” dunhas determinadas materias, quedará en segundo plano o feito incuestionable de que se está nun “centro educativo” que, ademais de ensinar, trata de formar persoas a través dunha convivencia positiva noutros tempos e espazos que non sexan exclusivamente os da aula.

Os propios centros deben, á súa vez, poder contar con infraestruturas suficientes para que os profesores se poidan sentir cómodos no mesmo centro para colaborar eficazmente en labores acordados dentro do proxecto educativo.

O Consello Escolar de Galicia considera que hai tamén situacións de carácter estrutural que deberán ser modificadas canto antes de forma que poidan axudar, facilitando unha mellora da convivencia:

a) Favorece-la estabilidade do profesorado para que lle caiba integrarse e asumir-la conciencia de pertencer a un grupo implicado en proxectos cooperativos que transcenden o simple curso académico. A posibilitación administrativa do acceso a unha praza definitiva o antes posible debe constituírse en cuestión prioritaria para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) A redución do número de alumnos por aula, máis alá dos termos estritamente legais, debe ser unha medida favorecida pola Administración, como instrumento que facilite unha atención máis personalizada.

c) Nestes momentos a aplicación da LOXSE preséntase como un proxecto para conseguir plenamente e rematar en breve prazo. Os centros e os profesores non poden permanecer en situación de dúbida sobre a continuidade do proxecto de reforma. Corrixindo as inevitables connotacións negativas inherentes a todo proceso de reforma, é preciso insistir na formación específica do profesorado e na dotación adecuada dos centros para levar adiante con éxito este proceso. Non debería esquecerse que parecidos problemas aconteceron cando se deu aplicación á Lei xeral de educación, e hoxe reconécese, non obstante, o importante impacto social e educativo derivado dela.

d) A implantación da reforma marca de seu unha serie de determinantes e instaora novas situacións para os profesores e os centros, que poden afectar positiva ou negativamente a convivencia neles. Fundamentalmente, nas opinións dos colectivos entrevistados destácanse catro:

1) Unha problemática que deriva dun novo tipo de alumnos con maior idade, en circunstancias de obrigatoriedade e con problemas específicos, consecuencia de circunstancias persoais e de factores sociofamiliares.

A atención a este colectivo esixe un cambio de mentalidade no profesorado de secundaria, habituado a traballar cun grupo “seleccionado” ós catorce anos en virtude do disposto na Lei xeral de educación. Esta situación non se pode cumprir só cunha adaptación “natural” e con “boa vontade”. É necesario que a Administración axude con diferentes proxectos de formación e que no propio centro a comunidade educativa traballe dun xeito máis colaborador ante problemas que afectan a todos.

2) A necesidade de mellora-la rede de centros; a pesar de que estaba establecido con tempo o calendario de implantación da LOXSE, a rede de centros experimentou nos últimos anos diversos problemas. A consolidación dunha rede adecuada para cumprir cos marcos legais establecidos, creando novos centros (en función dunha planificación axeitada respecto do lugar, tamaño e dotación de medios), será de grande apoio para resolver carencias que se poden traducir en problemas de convivencia.

3) A conveniencia de dotar os centros de persoal de apoio, non só de carácter académico. Os problemas do éxito e do fracaso escolar non son unha cuestión soamente atribuíble ás facultades do propio alumno. Existen circunstancias e factores máis complexos na orixe desta situación. En moitos casos esas circunstancias teñen que ver con problemas familiares, problemas derivados do contorno, etc., e estes problemas deben ser considerados e analizados. A implantación dos departamentos de orientación en todos os centros resulta necesaria, así como a avaliación do seu traballo en problemas que teñen que ver con condutas que xeran dificultades de convivencia.

O departamento de orientación non evita a necesidade dunha incorporación eficaz doutros axentes sociais que desde o propio centro ou desde o contorno axuden a prever e solucionar problemas que teñen que ver cos hábitos de saúde, o uso do tempo libre, con problemas socioeconómicos, etc.

4) Sen negar a decisiva importancia dos apoios externos, a atención cada vez máis individualizada que esixe a reforma educativa en marcha reclama dos profesores implicarse de forma constante, seria e rigorosa na acción titorial.

A titoría resulta de importancia decisiva para atender os problemas individuais e de grupo. Por iso o Consello Escolar de Galicia insiste tanto na necesidade dunha preparación específica para o desempeño da titoría como na súa elección voluntaria. O seu traballo, en contacto cos servizos de orientación, está chamado a ter unha función non só correctora de problemas de convivencia senón tamén eminentemente preventiva de situacións e actitudes que están na base dos conflitos máis frecuentes que se viven nos centros.

Por último, o Consello Escolar de Galicia insta a toda a comunidade escolar e, no que lle compete á administración educativa, a que se teñan decididamente en conta as recomendacións contidas neste informe, en favor dunha mellora da convivencia nos centros escolares.